

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NA COMPARECENCIA NO PARLAMENTO GALEGO POLO DEBATE DE POLÍTICA XERAL 2026

Moitas grazas. Señor Presidente; Señorías e señores deputados do Grupo Popular, do Grupo do BNG, do Grupo Socialista e do Grupo Mixto; Convidados presentes; Medios de comunicación; Galegos e galegas.

Grazas a todos por acompañarnos hoxe. Se me permiten, unha mención especial, tiven ocasión de facelo persoalmente, ao portavoz do Partido Socialista polos duros momentos que lle tocou pasar a semana pasada.

Señorías, hai dous anos este Parlamento investíume como Presidente de Galicia, e o fixo para cumprir o mandato que formulou o noso pobo nas urnas.

Adquirir compromisos está ao alcance de calquera probablemente, pero para cumprilos é necesario algo máis, moito máis. É necesario ter principios, ter determinación e contar cun equipo que axude e acompañe en cada paso.

Nun momento onde a política semella, para algúns é certo, algo cada vez máis frívolo e falto de compromiso, eu veño aquí a reivindicar todo o contrario. A reivindicar a política sólida.

A solidez que dá facer o que se promete. A solidez que dá gobernar para servir e non estar só no cargo ou para sobrevivir. A solidez que só se pode demostrar cando un sabe a quen se debe, cando sabemos a quen nos debemos. E eu teño claro que debémonos a Galicia por riba de todo e a nosa forma de responder a esa confianza é afrontando os desafíos que ten a nosa terra. Sen medo, sen hipotecas e sen vacilacións.

Superado hai uns días o ecuador desta lexislatura, solicitei celebrar este Debate de Política Xeral para facer balance dos logros que acadou Galicia ao longo deste tempo, para valorar o cumprimento dos compromisos adquiridos e para analizar os desafíos que temos por diante.

Señorías. Estas comparecencias de rendición de contas só se evitan cando non hai contas que render. Ou dito doutra maneira, as evitan quen non queren render contas.

Por iso en España só se celebrou un debate do estado da nación en oito anos.

Por iso en Galicia celebramos esta sesión rigorosamente, igual que aprobamos os orzamentos, todos os anos, salvo cando hai debate de investidura.

Nestes dous últimos anos, Galicia pasou por momentos mellores e por momentos peores, é certo, pero creo sinceramente, e diso falarei hoxe tamén, que no cómputo global gañan os bos momentos e os motivos para a esperanza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Galicia continúa creando emprego e o paro está en mínimos desde que existen datos, como certificaron esta mesma semana os datos correspondentes ao mes de marzo sen ir máis lonxe;
- Os salarios están en máximos históricos, aínda que, por suposto, segue habendo moita marxe para que suban, e terán que facelo da man do incremento da produtividade, para absorber a inflación, que tamén segue medrando moito mais do que debería;
- Seguimos aproximándonos á media de riqueza da Unión Europea, levamos unha década converxendo e pasamos do 76% ao 84,3%;
- O noso tecido empresarial segue demostrando unha boa saúde: levamos tres anos consecutivos nun mundo tan convulso superando os 30.000 millóns de euros en exportacións, e xa estamos, acabamos de sobrepasar, ao País Vasco;
- Somos líderes en redución das emisións netas de efecto invernadoiro e neste ano imos ser os primeiros en contar cun mercado voluntario de créditos de carbono, a primeira comunidade autónoma;
- Dous de cada tres galegos menores de 3 anos están escolarizados, 15 puntos máis que a media nacional;
- Galicia é a comunidade na que as condicións sociais e económicas dos alumnos inflúen menos nos seus resultados académicos;
- Galicia conta co mellor calendario de vacinación do mundo e seguimos ampliándoo, queremos seguir mellorando;
- Os hospitais galegos levan tres anos seguidos realizando cada ano máis operacións cirúrxicas;
- E exactamente, a día de onte, 93.892 galegos dependentes están a recibir un servizo ou prestación, ou o que é o mesmo, o 99,4% dos que teñen dereito a ela e 20.000 persoas máis das que estaban recibindo ao inicio da lexislatura. Grazas en parte ao Plan de choque que por certo nos acaba de recorrer o Goberno central.

Señorías: Galicia avanza, e Galicia crece de xeito equitativo, sustentable e o que é moi importante, con cohesión social.

Por suposto, o Goberno galego, como é a nosa obriga, acompaña este crecemento cunha folla de ruta que foi aprobada democraticamente por unha maioría dos galegos: o programa electoral do partido que despois de pedir a confianza a obtivo gañando as eleccións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dous anos despois das eleccións autonómicas, a Xunta cumpriu xa ou ten en marcha para a súa execución, quedan dous anos, máis do 85% das medidas ás que nos comprometemos para este período de catro anos. A palabra, para nós, segue tendo valor, moitísimo valor. Facemos exactamente, e cumprimos coa nosa obriga, o que votaron as galegas e galegos.

Por suposto, a nosa terra non é allea ás numerosas incertezas, cada vez máis, do panorama internacional. A sucesión de acontecementos que vivimos nos últimos anos – pandemia, a guerra en Ucraína, a actual en Irán– tivo, ten e terá probablemente efectos directos e en absoluto desexados:

- Para os cidadáns nunha importante suba dos prezos, especialmente aos que máis afectan á súa vida diaria;
- E para as empresas, unha importante inestabilidade que dificulta o seu día a día e tamén a planificación a medio e longo prazo.

Xa hai mobilizados máis de 270 millóns de fondos autonómicos para paliar o impacto da guerra nas economías domésticas e no tecido produtivo.

Señorías. Ante un contexto incerto, son moitos os territorios que se están a deixar seducir por opcións políticas populistas, que beben do medo e que o traducen en agresividade e en polarización.

Por iso estou especialmente orgulloso de que Galicia non caese nesa forma de facer política que, ao meu modo de ver, resulta incompatible coa nosa forma de entendernos, coa nosa forma de vivir e coa nosa forma de entender e convivir co mundo.

Creo firmemente que o camiño de Galicia, que se labrou nestas catro décadas de autonomía, é o máis axeitado para protexernos e reforzarnos neste momento tan complicado.

Agora, máis que nunca, cómpre non esquecer canto custou conseguir o que hoxe temos.

- Cando a gobernabilidade e a normalidade institucional se convierten por ahí fora en algo excepcional, en Galicia desfrutamos dela con toda normalidade;
- Cando aprobar uns Orzamentos ano a ano se pretende por algúns algo exótico, algo innecesario, algo case caprichoso, en Galicia é o normal, é o que hai que facer;
- E cando a polarización parece unha condena que ameaza ás sociedades, en Galicia fuximos de todo iso reivindicando o respecto e a pluralidade.

Esa é a nosa forma de facer as cousas, a nosa Galicia Calidade. Prudencia, humildade e tolerancia. Aínda que algúns se empeñen en facernos ver que o contrario é o que funciona, non debemos ter medo e debemos manter o noso propio camiño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Agora que volvemos decatarnos, unha vez máis, a veces o esquecemos, de que a xeografía é determinante, de que a xeografía ten un impacto directo e que a realidade se entende mellor diante dun mapa, cómpre reivindicar o emprazamento privilexiado que ten Galicia.

Somos o mellor balcón ao Atlántico, unha ponte entre o vello e o novo continente, e non só en termos físicos, tamén en termos humanos: **a palabra "Galicia" significa moito para millóns de persoas nos cinco continentes.**

A nosa condición de pobo emigrante foi unha condena antano para moita xente, hoxe convértese nunha excelente oportunidade para reforzar o noso papel a nivel internacional.

Falamos con voz propia ante as institucións europeas. Asumín durante o último ano a presidencia da delegación española ante o Comité das Rexións. Iso permitiunos manter contactos e reunións cos comisarios das áreas máis relevantes para Galicia e mesmo recibimos aquí, na praza do Obradoiro, á presidenta da Comisión Europea.

Hai que continuar cultivando esa Galicia aberta, sen complexos, que pide paso no novo escenario nacional e internacional. Galicia nunca se pechou en si mesma e nunca xamais pode facelo. Temos moito que achegar. **"Galicia Calidade"** debe ser un lema que se escoite cada vez no mundo enteiro.

Se queremos fortes fóra, o primeiro, loxicamente, senón sería imposible, é ser fortes dentro. Ningunha sociedade pode ser xusta se se constrúe sobre a desigualdade de oportunidades, e se falamos de oportunidades e de igualdade hai que falar de moitas cousas, pero neste momento especialmente porque preocupa moitísimo aos galegos e as galegas, hai que falar de vivenda.

A vivenda, creo que e estas alturas está claro, é un obxectivo constante e irrenunciable para o Goberno galego nestes catro anos: un eixo político absolutamente prioritario.

No 2024 marcámonos unha meta ambiciosa: duplicar en catro anos o parque público de vivendas, pasar de 4.000 a 8.000. Señorías, hoxe podo confirmarlles que todas as novas vivendas comprometidas, as 4.000, o 100%, están xa en marcha, e en poucos meses comezaremos a entregar as primeiras chaves en Pontevedra en Santiago, e así sucesivamente ata cumprir o compromiso.

Comprometémonos tamén a desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e xa son unha realidade 12 Proxectos de Interese Autonómico residencial, a figura que nos vai permitir cumprir ese obxectivo a maiores das 20.000 vivendas.

Nun ámbito tan sensible para a xente, como é a vivenda, e no que os prezos cada vez máis elevados son unha preocupación cada vez máis central para tantos galegos, é por desgracia cada vez máis habitual que se escoiten propostas demagóxicas e baleiras de contido. Nós témolo claro: menos dogmas e máis obras de construción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Os dogmas levan a situacións como as que estamos vendo, a que desapareza en menos dun ano máis da metade da oferta de inmobles en alugueiro, como está sucedendo na única cidade que a día de hoxe está declarada, porque así o quixo, como zona tensionada;
- En cambio a construción de obras, esa aposta, permite que cada vez máis persoas poidan comprar ou alugar unha vivenda asequible. A Xunta nunca vai construír muros para dividir á xente, nós imos construílos para sustentar vivendas que as persoas poidan habitar.

E, por suposto, hai que traballar no eixo da vivenda en moitos máis frontes para mitigar esta crise: menos impostos, menos burocracia, máis axudas para reformas, especialmente no rural, máis propostas novidasas, atrevidas, valentes, para poñer en valor espazos desaproveitados, máis medidas para que os edificios inacabados ou os locais comerciais en desuso poidan ter unha segunda vida e unha oportunidade para moita xente. Eu creo que estamos avanzando na boa dirección, na da vivenda de calidade, e agradezo ademais a colaboración de moitos concellos, de todas cores políticas, que están a implicarse coa Xunta para acadar este obxectivo.

Obxectivo común que é dignificar e prestixiar a vivenda protexida. Construír vecindarios agradables, acolledores e con todos os servizos, de calidade, para que toda a xente que vive neles faga vida de barrio, vida de cidade, de vila, se encha de vida. Hai que seguir dando pasos. Por iso quero anunciar dúas decisións que queremos adoptar orientadas a que as vivendas que se están a construír sexan aínda máis accesibles para máis persoas, para as persoas traballadoras que no mercado actual, moitas veces, ven complicado o acceso a unha vivenda, aínda que teñan un soldo digno pero non de abondo para poder comprala no mercado libre.

Recordarán que en 2025 incrementamos o teito máximo de renda para acceder a unha vivenda pública. Tamén que reservamos para as persoas de menos de 36 anos o 25% dos pisos de protección pública en venda e o 40% dos que se ofrecen en alugueiro. Hai que dar un paso máis. Sobre esta base, tomamos dúas decisións:

Primeira: imos volver a elevar o limiar máximo de renda ata catro veces o Iprem. Isto significa que por exemplo unha parella cun fillo, que ata agora tiña un límite de 2.250 euros brutos mensuais en 14 pagas, e non podía acceder a vivenda, agora se eleva ese límite ata os 3.500 euros para que poidan acceder máis persoas á vivenda.

Se falamos de familias numerosas o teito elévase aínda máis: ata 4,5 veces o Iprem. Por exemplo un fogar con dous proxenitores e tres fillos poderá acceder a unha vivenda protexida cun novo limiar máis alto: 4.150 euros brutos mensuais de ingresos. Esta é a primeira decisión, que se pode traspasar a moitísimos exemplos e todos darán máis posibilidades para acceder a vivenda a persoas que ata agora non o podían facer.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segunda decisión: reservar o 30% das vivendas públicas en venda para persoas de entre 36 e 45 anos, porque temos detectados que son os que máis dificultades están tendo para acceder a este tipo de vivendas. Darlle ademais unha especial preferencia ás familias que sexan pais de nenos pequenos, son os que máis dificultades teñen para mobilidade xeográfica e polo tanto son os que hai que facilitarlle máis acceder a unha vivenda no sitio onde estean residindo.

Facemos isto porque cremos que a vivenda pública debe estar ao alcance de cantas máis persoas mellor, ao alcance de segmentos de poboación que ata o de agora non podían acceder, clase media, que en moitos casos se ve excluída doutras axudas públicas e polo xeral tamén deste tipo de vivendas. Agora terano un pouco máis sinxelo.

Industria e enerxía, fundamental tamén para o noso presente e futuro. O mes pasado, a Comisión Europea presentou unha Lei de aceleración industrial, que parte dunha certeza: Europa precisa apostar pola industria para manter e reforzar o seu peso internacional cada vez máis ameazado. O que vale para Europa, tamén vale para Galicia, especialmente neste momento.

Partimos dunha boa situación:

- O índice de produción industrial segue medrando en Galicia mentres no conxunto de España está descendendo;
- O emprego industrial está en máximos en Galicia desde o ano 2010: tres anos consecutivos de subidas nos levan a que haxa 192.300 persoas traballando na industria;
- Consecuentemente, industria ten un peso, tanto no emprego como no PIB, por riba da media nacional e medrando. Hai que seguir por este camiño.

Afortunadamente, a Galicia atrasada e ancorada nunha economía practicamente de subsistencia é tan só un mito que algúns, eles saberán por que, interésalles que ese mito siga pervivindo.

Pero non é así, a realidade é ben distinta. Temos un tecido empresarial moderno e aberto ao mundo, empresas que están en todo o mundo e que énchennos de orgullo, pero tamén pequenas empresas que fan o seu labor, todas competitivas, todas con marxe para seguir crecendo e para crear empregos de calidade, que fagan medrar os salarios. Esta é a mellor maneira de protexer ás economías domésticas fronte á inestabilidade económica, a inflación, ou para reter talento.

As empresas galegas ofrécennos cada día milleiros de motivos para crer. O traballo atrae máis traballo. Por iso imos seguir coa nosa estratexia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A día de hoxe hai declarados 14 proxectos industriais estratéxicos en Galicia, que van desde o hidróxeno verde e o biometano ata as plantas de produtos do mar conxelados, centros de datos e industria agroalimentaria. A nosa non pode ser terra de monocultivo económico; temos moitas potencialidades e polo tanto debemos abrir cada vez máis vías de negocio.

Dispoñemos xa de plans directores da automoción e do naval para reforzarnos en sectores nos que historicamente somos fortes, e outros sete sectores estratéxicos que antes de que remate o primeiro semestre do ano que vén terán tamén o seu plan director.

Evidentemente, non somos unha illa, hai decisións do Goberno central, que tamén é o noso Goberno, que nos afectan e nos limitan, e que deben ser tratadas tamén neste debate. Por exemplo,

- Falo de que —a menos de cinco meses para que rematen o prazo de execución e certificación dos fondos Next Generation— siga habendo máis de 16.000 millóns de euros sen executar dentro dos Pertes industriais que o Goberno central decidiu reservarse en exclusiva. Estaban chamados a modificar, a revolucionar o noso tecido industrial, o español e polo tanto tamén o galego. Están sen empregar. Podían terse aproveitado moitos deles en proxectos en Galicia e ao final non lle van aproveitar a ninguén.
- Falo tamén do escaso e pouco entusiasta apoio a infraestruturas fundamentais para Galicia, o hidroduto, antigo gaseoduto, A Coruña-Zamora, fixemos todo o necesario, todo o que se nos pediu para que fose unha realidade. Precisamos un apoio moito máis decidido do Goberno de España, igual que está apoiando outras infraestruturas estratéxicas noutras comunidades autónomas que parece ser que lle interesan moito máis.
- E, por suposto, falo do uso partidista de algo tan importante e tan estratéxico como a rede eléctrica. A planificación eléctrica, usada para estrangular proxectos que noutros territorios contarían e contan co apoio incondicional con moitos menos requisitos. Toda unha provincia sen planificación eléctrica por unha manobra política, non me cansarei de dicilo.

Pese a estes atrancos temos que seguir traballando. Hai novas oportunidades en moitos campos. O sector aeroespacial e de defensa, hai que aproveitar as circunstancias, non as provocamos pero outros as van aproveitar, polo tanto Galicia ten que facelo. Contamos cunha estratexia que busca mobilizar 900 millóns de euros e neste mesmo ano licitaremos os primeiros acordos de asociación, para atraer a Galicia investimentos potentes neste ámbito, polo que Europa vai apostar nos próximos anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén hai moitas oportunidades no sector mineiro, que supón miles de postos de traballo en Galicia agora mesmo e que pode supoñer moitísimos máis. Galicia agocha 18 dos 34 materiais críticos identificados pola Unión Europea. Moi poucas rexións europeas teñen esta condición. O ano pasado sacamos a concurso dereitos mineiros, e este ano lanzaremos un proceso semellante, centrándonos nestes novos metais estratéxicos e tamén nos minerais clásicos da minería galega coma o granito, a lousa ou o cuarzo, que seguen tendo moito potencial.

E por suposto, falar de industria implica necesariamente falar tamén de enerxía.

- Galicia non ten gas, pero ten unha planta regasificadora, das máis potentes de España, das que mellor funcionan, e que agora máis que nunca estase relevando como estratéxica polas crises de subministro que estamos padecendo.
- Galicia non ten petróleo, pero dispón de algo tamén moi valioso: o ouro verde e azul, a auga, o vento, os nosos recursos renovables.

Temos que aproveitar este potencial. Imos seguir apostando por unha eólica terrestre ordenada e respectuosa co medio ambiente, por moito que lles pese a algúns, e tamén queremos apostar, non queremos renunciar, non ten sentido, a unha eólica mariña sempre que sexa plenamente compatible co aproveitamento dos recursos pesqueiros que son fundamentais.

Exploraremos outras fontes de enerxía renovables que teñen moito potencial, que están case empezando, a enerxía undimotriz ou a hidráulica reversible, esas "pilas" xigantes que todo o mundo vai buscar no futuro e que poden supoñer grandes investimentos no presente e futuro inmediato en Galicia.

Estamos convencidos de que o desenvolvemento renovable galego ten que vir, non pode ser doutra maneira, acompañado de beneficios directos para os lugares nos que se instalen. Para iso constituímos unha fórmula pioneira en España pero inspirada en países nos que este modelo xa funciona, Noruega sen ir máis lonxe. Estou falando da Sociedade de Recursos de Galicia. Os descontos do 80% na factura da luz cos que contará medio milleiro de fogares na Mariña, onde está o primeiro parque eólico adquirido por Recursos de Galicia, creo que é un perfecto exemplo de por onde hai que ir.

Isto ten que ser tan só o principio e polo tanto avánzolle que nas vindeiras semanas iniciaremos, xunto cos nosos socios, xunto coas empresas potentes e implicadas coa Xunta neste proxecto, unha ampliación de capital de Recursos de Galicia para que as galegas e galegos xestionemos ou participemos en cada vez máis instalacións e explotacións e teñamos retornos sociais a través dos descontos na enerxía que consumimos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En definitiva, señorías. En materia industrial e enerxética, que é o noso futuro, sempre que haxa unha oportunidade compatible co respecto ambiental, co respecto ás normas, a Xunta vai aproveitala para que non a aproveiten noutros lugares. Este é un mundo competitivo, non ten ningún sentido deixarlle sempre por sistema as oportunidades a outros. Sempre que se abra unha posibilidade, intentaremos convencer aos investidores para que veñan a Galicia, dicirlles que aquí terán as máximas garantías, seremos rigorosos pero tamén os ampararemos se compren. Entre progreso e estancamento, sempre ten sentido escoller progreso, é absurdo decidir quedarse estancados como algúns pretenden.

A preservación ambiental e o progreso son plenamente compatibles. O que non é compatible é a politización de todos estes proxectos.

Téñoo absolutamente claro: defenderei unha política económica da que todos os galegos se poidan sentir orgullosos, implicados, especialmente a xente nova. Para que poidan quedarse aquí, para que poidan exercer a súa vocación, aquilo que estudou, para que teña traballo de calidade: emprego cualificado, ben pagado acorde coas súas aspiracións e o seu proxecto de vida. Así hai que facer as cousas. O demais son demagoxias e non querer entender a realidade.

Seremos firme porque é o que merecen os galegos de hoxe e tamén de mañá, os que se están formando agora mesmo. Fronte aos que, por sistema, din non a todo, seremos sempre que se cumpra a Galicia do si, que é o que esperan os galegos.

O noso sector primario tamén é fundamental. O mar se identifica coa esencia mesma da nosa comunidade: a pesca, o marisqueo, a acuicultura e a transformación dos produtos do noso mar son un pilar da nosa economía.

Os temporais dos últimos meses supuxeron unha drástica baixada na salinidade das augas e como consecuencia as poboacións de marisco sufriron moito.

Por iso, autorizamos recentemente no Consello da Xunta unha inxección de case 23 millóns de euros para que os que realmente saben, que son os que saen todos os días a mariscar, a traballar no mar, teñan todo o apoio necesario para a recuperación e rexeneración do seu medio de vida.

Recuperar as rías, como estamos a facer por exemplo na Coruña e en Pontevedra, non é poñer unha tiritita sobre unha ferida puntual: é reforzarnos para que o marisqueo siga sendo clave no noso futuro.

Para iso, combateremos tamén a intención do Goberno, non disimulada, de cambiar pola porta de atrás o Regulamento xeral de Costas. Este movemento non só crea unha enorme inseguridade xurídica, é unha deslealdade despois da sentenza do Tribunal Constitucional e está a poñer en risco o desenvolvemento e os proxectos a futuro dun sector clave para Galicia. A acuicultura sen ir máis lonxe, pero non só: 5.000 traballadores que agora mesmo poden ver comprometidas as súas expectativas de futuro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que queda de lexislatura, seguiremos impulsando a renovación da frota e loitando por un novo Marco Financeiro Comunitario que permita seguir apoiando a pesca, seguir reempresando os barcos antigos por outros máis modernos, seguros e eficientes no uso de combustibles.

Este apoio abarca a toda a extensa cadea do valor dos produtos do mar, que remata na industria transformadora e conserveira, as máis potentes de Europa. Tamén seguiremos colaborando con eles.

Por suposto, continúa preocupándonos o descenso sostido no consumo de peixe. Volvemos a mandar unha mensaxe ao Goberno central para lembrarlle que aínda non é tarde, aínda estamos a tempo para rebaixar o IVE dos produtos do mar. É unha das mellores políticas de saúde pública e económica polo menos para Galicia. Merecémolo e demandámolo.

Falaba de sector primario e ademais do mar por suposto outro pilar é a gandería e agricultura, piares económicos, sociais e territoriais dun país coma o noso, que entende a produción de alimentos como un sector estratéxico, ligado á calidade, á sustentabilidade e tamén, por que non dicilo, á nosa propia identidade.

Temos granxas profesionalizadas, diversas e competitivas, que viviron nos últimos anos unha intensísima modernización. Un relevo xeracional sen perder a súa identidade nin as súas raíces. Milleiros de explotacións agrícolas e gandeiras en Galicia sosteñen emprego, fixan poboación e contribúen a un desenvolvemento equilibrado, no que o rural non é periferia, senón cada vez máis centro de oportunidades:

- Pechamos 2025 co récord absoluto de produción leiteira;
- Por primeira vez, tres de cada catro litros se transforman xa en Galicia, non fora. Deixan aquí ese valor engadido.
- E o vacún de carne está en cifras de facturación nunca antes vistas.

Unha ollada a todo isto permite optimismo pero en ningún caso relaxación nin euforia. Son moitas as ameazas que temos agora mesmo.

Estamos vendo o risco, xa está aquí, de baixada xeralizada dos prezos do leite en orixe, seguimos traballando para evitalo e atenuar ese impacto. Incluindo, se é necesario, onte o dicía a conselleira do Medio Rural, poñer a situación en man da Comisión Galega de Competencia e abrir expedientes se se detectan incumprimentos. Seremos inflexibles na inspección e na denuncia se procede.

Ao mesmo tempo, actuaremos fronte a entrada en vigor do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur. Que sinxelo é dicir que non se faga e conseguilo. Non é así. Temos que ser prácticos e intelixentes. Ser intelixentes é estar vixiantes para maximizar as oportunidades e mitigar os riscos que existen. Para populismos e demagoxias xa están os de sempre.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dispoñemos dun plan propio de medidas de vixilancia e control, que xa estamos executando, e defendemos con firmeza a posición do sector ante o Goberno central e a Comisión Europea, para que fagan o mesmo que está facendo Galicia na esfera das súas competencias e capacidades.

Seguiremos facendo todo o que estea na nosa man para garantir que a Política Agraria Común, a futura PAC do período operativo 2028-2034, que xa está ás portas, conserve unha forma de xestión eficaz e siga dispoñendo dun volume suficiente de fondos para seguir modernizando o noso agro e seguir garantindo o desenvolvemento do rural. Isto tamén é fundamental, acabamos de estar co comisario responsable, e Galicia non vai baixar a garda neste empeño.

Seguiremos avanzamos tamén na mellora da nosa estrutura territorial agraria, para que o esquema de minifundios que sempre houbo en Galicia e é parte da nosa identidade, se adapte ás necesidades modernas. Desde 2020, rematáronse 38 concentracións parcelarias, 26.200 hectáreas agrupadas, máis de 20.000 propietarios concentrados. Ata o final da lexislatura, prevemos pechar outras 25 parcelarias, 23.000 hectáreas máis, se seguir, porque esta é unha tarefa inacabada.

Seguiremos defendendo un agro forte, digno e respectado. Porque cando avanza o campo galego, avanza Galicia.

Se ten que avanzar o sector agrogandeiro, que dicir do sector forestal, tan fundamental en Galicia. Puidemos comprobar por desgracia, con toda crueza o ano pasado, que o despoboamento da superficie rural e a falta de limpeza das parcelas é un factor determinante que alimenta os grandes incendios forestais.

Tan só en materia de prevención, nos últimos oito anos triplicamos os fondos destinados á limpeza e obra preventiva nos montes, multiplicouse por cinco o número de hectáreas de monte ordenadas e incrementouse nun 50% a superficie de frondosas. Hai que seguir por este camiño.

A día de hoxe, xa están en marcha os compromisos adquiridos neste mesmo Parlamento no pasado mes de setembro na miña comparecencia despois dos incendios de agosto.

Habilitamos –da man dos concellos– un reforzo da xestión das faixas secundarias, que logrou en tres meses que se adherisen tantos concellos como nos seis anos anteriores, case 300 dos 313, agardo que sexan todos e se non é así agardo que os que non se adiran asuman as súas propias responsabilidades.

Seguimos traballando para que as comunidades de montes invistan máis en prevención. Hai magníficos exemplos pero outras comunidades teñen que investir máis nos seus propios bens, en previr.

Elimináronse trabas burocráticas ao aproveitamento forestal e estamos en plena contratación de catro novos medios aéreos que se engadirán ao forte dispositivo que xa traballou o ano pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xa están pagadas todas as axudas para a reconstrución de vivendas, negocios, infraestruturas medioambientais e xa resoltas 700 solicitudes de explotacións agrogandeiras e forestais: 7,5 millóns de euros.

Seguimos agardando a que o Goberno central faga a súa parte, esta é unha tarefa conxunta, así mo dixo o presidente do Goberno cando nos visitou en plena vaga de lumes en Ourense.

Sobre a creación dunha base da Unidade Militar de Emerxencias en territorio galego, nada soubemos desde entón. Tamén esperamos que non se teña que repetir, ogallá que non, un verán como o pasado para que o Goberno central se acorde do Pacto de Estado que foi o eixo central da súa comparecencia ese día en Ourense, contra o cambio climático. Cero avances, ningún contacto máis aparte dese día en Ourense.

Hai un par de semanas presentamos ante o Consello Forestal un Pladiga, un plan contra incendios, que contempla actuar sobre un 70% máis de superficie que o ano pasado a nivel preventivo, e incorporar 170 efectivos a maiores dos que xa había o ano pasado, ademais de duplicar a unidade de extinción que imos dedicar a actuar nos incendios máis complexos, nos grandes incendios que se están vendo en España nos últimos anos.

Señorías. O emprego tamén ten que ser un tema fundamental. Galicia crece e polo tanto o paro está en mínimos de dúas décadas, a poboación activa e ocupada segue en crecemento e máis asalariados que nunca con contrato indefinido.

Hai que acompañar e consolidar esta evolución. Polo tanto hai que facer unha política de emprego axustada ás necesidades reais. O que piden as empresas, os autónomos e os traballadores.

En formación seguiremos insistindo nas microcredenciais, que é a fórmula que se demostra fronte aos plans tradicionais que funciona. Formación rápida, inmediata, a que demandan as empresas e os traballadores.

Seguiremos renovando o Servizo Público de Emprego con ferramentas de intelixencia artificial, para ser máis efectivos e eficaces na axuda á xente que busca traballo. Tamén centraremos os esforzos nos demandantes de emprego que realmente teñen vontade de traballar, so que van á oficina de emprego porque realmente o que queren é atopar un traballo. Esa xente merece todos os esforzos e aí temos que concentrarnos.

Seguiremos garantindo os apoios á contratación para aqueles colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.

Haberá que seguir recoñecendo o enorme mérito de todos os autónomos. Temos unha das maiores porcentaxes de autónomos de toda España. Valentes que levantan cada mañá as verxas do seu negocio para dar vida ás nosas vilas e dar forma ás súas ideas empresariais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xa unificamos todas as axudas para autónomos, facilitamos unha tarefa que antes era moi complicada burocraticamente, un compromiso que xa está cumprido. Destinamos 60 millóns de euros a cubrir con axudas todo o ciclo do emprendemento, desde que un negocio empeza ata que o seu propietario se xubila e busca relevo.

Incorporamos tamén novidades para fomentar o emprendemento no rural, os polos de emprendemento, espallados por toda Galicia, que están atendendo cada vez máis proxectos.

Se falo de emprego quero determe nun asunto especialmente importante, que creo que debe ser tratado con urxencia. Aproveitamos os dous primeiros anos desta lexislatura para ir delineando unha liña de traballo fundamental que agora vai empezar a executarse: a situación e os efectos das baixas laborais. É un problema moi serio. Está lastrando a produtividade en toda España e especialmente en Galicia. Hai cifras que invitan á reflexión:

- Galicia é a segunda comunidade con máis xornadas laborais perdidas por baixas;
- Tamén a segunda comunidade con máis duración media das baixas, que supera en promedio os 60 días.
- As baixas laborais supuxeron que Galicia perdese máis de 2.200 millóns de euros, é dicir, arredor do 3% do PIB;
- E cada día, por mor das baixas, non van traballar en Galicia 70.000 persoas.

É evidente, ninguén o pon en dúbida, por suposto, que existen circunstancias e razóns nas que, sen lugar a dúbidas, unha traballadora ou traballador debe estar de baixa, e ten que permanecer así ata que se recupere, pero non estaría cumprindo coa miña obriga se pasase por alto que, tal e como demostran as cifras, o crecemento das incapacidades laborais en Galicia é un problema estrutural de primeira magnitude. Non estaría cumprindo coa miña obriga se non fose consciente de que hai moita marxe de mellora en todos os ámbitos, tamén na Administración, tamén na Xunta. O noso deber é garantir que estea de baixa quen realmente deba estarlo e que volva traballar en canto estea en condicións todas as persoas que deban facelo.

Dicía que aproveitabamos estes dous anos para facer moitas cousas. Xa está en marcha un programa de revisión. Controlamos preto de 130.000 baixas, e resultou dese control 30.200 persoas que non debían estar nesta situación e polo tanto foron dadas de alta.

Pois ben: agora pisamos o acelerados. Nas vindeiras semanas imos presentar un programa integral de abordaxe das baixas laborais. O seu núcleo será a creación de unidades especializadas para a atención e control das baixas por doenzas musculoesqueléticas ou de psiquiatría menor, que son estatisticamente as máis frecuentes. Estas unidades especializadas van servir de apoio aos médicos de atención primaria que xestionan as baixas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imos reforzar o papel das mutuas na revisión das incapacidades temporais. Cando estea en vigor este programa e cando unha mutua realice unha proposta de alta suficientemente xustificada, a inspección sanitaria vana ratificar e acordar a alta. Só se existen dúbidas, a inspección citará ao traballador para poder valoralo e tomar a decisión axeitada.

Ademais, en lugar de que as mutuas teñan que solicitar, como pasa agora, unha por unha cada proba ou tratamento dos pacientes aos que atenden, tramitarase unha autorización global para facer o seu labor o máis áxil e eficaz posible.

Por suposto, imos dialogar. Este Programa integral de abordaxe das baixas laborais cos sindicatos e a patronal no seu diálogo social, e escoitaremos suxestións de mellora. Queremos poñelo en marcha á maior brevidade posible e estou seguro de que todo aquel que sexa responsable e consciente deste problema aparcará as demagoxias e os posicionamentos políticos interesados e remará a favor dun tema crucial para Galicia. Así o agardo, veremos se é así.

Vida con calidade. Señorías. O incremento sostido na esperanza de vida é un logro colectivo, pero para que a estrutura social siga sendo sostible son necesarias moitas cousas, pero unha fundamental é a pirámide demográfica, que Galicia rexuveneza.

O crecemento económico e a creación de postos de traballo é esencial para calquera política demográfica.

- A mocidade galega está claro que quedará a vivir aquí se atopa un emprego de calidade que encaixe coas súas expectativas, esforzo e capacidades.
- Tamén a mocidade doutros lugares virá a Galicia se considera que existen as mesmas circunstancias.
- E as familias animaranse máis facilmente a ter fillos se teñen estabilidade vital e laboral e contan cos máximos apoios económicos posibles.

É certo que as últimas cifras ofrecen motivos para o optimismo. Os nacementos incrementáronse lixeiramente en Galicia, cun 1,6% entre o 2024 e o 2025, despois de moitos anos baixando, nunca había unha subida. Para as persoas que toman a decisión de ter fillos, Galicia dispón de máis axudas que en ningún outro lugar de España: escolas infantís gratuítas, casas niño, Tarxeta Benvida e Bono Concilia para ofrecer cantas máis facilidades mellor.

A nivel migratorio, desde 2009 chegaron a Galicia 170.000 persoas máis das que marcharon, xa está ben de mitos e de cifras interesadas que non son verdade. Tanto de fóra de España como doutras comunidades autónomas.

Galicia estase a converter nunha terra receptora de moitas persoas, de moitos acentos distintos. Salvo contadísimas excepcións, non supuxeron ningún problema de convivencia, senón todo o contrario. Somos unha terra acolledora e igual que nos acolleron cando tivemos que emigrar, agora temos que facer o mesmo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Hai moitos galegos que seguen vivindo fóra, na terra que eles ou os seus devanceiros escolleron para buscar novas oportunidades. Os temos tamén moi presentes.

Cultivar e reforzar ese vínculo é fundamental. É un privilexio que nos pode dar moitas posibilidades. Queremos que nunca deixen de sentirse como o que son: galegos que viven fora, que sempre van ter abertas as portas da súa terra se nalgún momento queren volver e aínda que non pensen nesa posibilidade.

Dentro do mapa da diáspora, Arxentina segue sendo un país fundamental. Foi bautizada como a quinta provincia galega e nela viven case 200.000 galegos de pleno dereito.

Por iso lles avanzo que a Xunta vai dispoñer dunha nova delegación en Bos Aires, na que todos terán as portas abertas. Unha sede moderna, ampliada e adaptada aos novos tempos e ás novas oportunidades e que mandará esa mensaxe de Galicia aberta.

Educación. Outro aspecto fundamental, aí está o futuro. Vivir con calidade significa que cada galega ou galego sexa o que queira ser, sen límites nin barreiras. A educación é unha ferramenta moi poderosa. Galicia converteuse na primeira comunidade en garantir a gratuidade de todas as etapas do ensino, desde que comezamos a escola infantil ata que cada un sae co seu título de graduado da Universidade ou do centro de Formación Profesional.

Isto é un investimento custoso, máis de 80 millóns de euros cada ano. Pero é absolutamente rendible, o seu retorno é moito maior: as dificultades económicas non poden ser un impedimento para que calquera alumno chegue ata onde queira chegar e o factor diferencial sexa o esforzo de cada un, non as circunstancias económicas nin a conta bancaria da súa familia.

Estamos moi orgullosos de ter construído, entre todos, un sistema educativo gratuíto, de enorme calidade e que abarca toda a nosa xeografía. Temos a rede de centros educativos máis estendida de toda España. Temos un sistema de transporte escolar que chega aos lugares onde viven os alumnos e comedores escolares que fomentan a conciliación e a equidade do sistema.

E por suposto, todo isto non sería posible sen o compromiso dos docentes. Para recoñecelos como se merecen, seguimos implantando melloras. Estamos executando o acordo ao que chagamos no ano 2023 cos sindicatos que quixeron dialogar -que afortunadamente foron practicamente todos- para mellorar a situación do profesorado. E cumpriremos sen ningunha dúbida os nosos compromisos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E ao longo desta lexislatura, seguiremos abordando retos estruturais do sistema educativo. O abandono escolar, o primeiro. Problema fundamental que está lastrando moitísimo a outras comunidades autónomas. Desde o ano 2009 reducimos do 25,8% ao 10,4% esta cifra. Hai que seguir mellorando, non estamos satisfeitos. Por iso traballamos no Plan FPGal360, que busca ofrecer opcións formativas personalizadas a mozas e mozos de entre 18 e 24 anos, á poboación inmigrante. Para que se poidan reenganchar os que abandonaron ou non abandonen os que están pensando en facelo. Esta mesma semana, no Consello da Xunta, demos un novo paso nese sentido, e os seguiremos dando.

Outro reto é a convivencia escolar. Díxeno no meu discurso de investidura, me parece un tema fundamental, que moitas familias teñen que sufrir en silencio, moitos alumnos e alumnas: en Galicia non caben en ningún caso e baixo ningunha circunstancia os abusóns. Tolerancia cero cara ao acoso escolar e a violencia. Fixemos moitas cosas nestes anos:

- Instalamos puntos laranxas para denunciar os abusos,
- Actualizamos o protocolo contra a violencia,
- Aprobamos un plan de benestar dixital,
- E equipos de actuación formados por docentes formados especificamente.

E hai que seguir. Eu estou convencido de que unhas aulas seguras, unhas aulas xustas e unhas aulas en paz pasan por moitas cousas. E unha fundamental é que o profesorado teña autoridade e que se lle recoñeza e se lle dignifique. Nin as presións, nin as ameazas nin, por suposto, as agresións son tolerables en ningún caso.

Por iso, en Galicia comezaremos a aplicar sancións contra todas aquelas condutas que atenten contra a dignidade e a autoridade do persoal docente, que son o pilar fundamental do noso sistema educativo e como tal deben ser recoñecidos e protexidos.

Outro reto fundamental é o uso da tecnoloxía na educación. Evidentemente non se pode educar aos nosos cativos de costas á tecnoloxía, pero tampouco se pode delegar na tecnoloxía case de xeito exclusivo a súa educación; creo que isto é fácil de entender.

E como nós entendímolos, restrinximos o uso dos móbiles dentro dos centros escolares, fomos pioneiros. Propuxemos contratos voluntarios coas familias, pois non ten ningún sentido poñer normas na escola que despois de descoñecen cando os rapaces chegan a casa.

Imos limitar o uso individual de dispositivos dixitais para todas as nenas e nenos ata 5º de Primaria, a través da futura Lei de educación dixital.

Hoxe avánzolle que esta nova norma tamén converterá a Galicia na primeira comunidade de España que vai regular os usos permitidos e prohibidos da intelixencia artificial dentro da Educación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E imos facelo para crear material educativo personalizado e como apoio dentro das aulas. As novas tecnoloxías e a intelixencia artificial permiten moitísimas posibilidades.

E tamén para que imos regular todo isto a través dunha lei? Para impedir que os sistemas de Intelixencia Artificial suplan a supervisión humana. A IA pode servir como apoio, pero xamais pode reemprazar o criterio último das persoas, dos docentes.

Outro servizo de calidade fundamental é a sanidade. Dispoñer dunha Sanidade pública de calidade e que nos atenda correctamente é algo sempre fundamental. Algo custoso, pero algo irrenunciable.

É certo que o servizo público da sanidade está a vivir circunstancias complicadas. En Galicia é en toda España. Hai moitas causas. Unha das fundamentais é, sen dúbida, a perentoria falta de médicos en determinadas especialidades. Algo recoñecido por todos os gobernos, incluído o Goberno central, que se pon de perfil porque pensa que lle afecta moitísimo menos. E hai tamén unha sensación de frustración entre os profesionais que é comprensible, pero ante a que é importante ter en conta as causas para poder solucionarlas, e tamén os responsables.

O Goberno central está a promover un Estatuto Marco que provocou unha folga que pensa que non lle afecta, que aféctalle só ás comunidades autónomas a través da suspensión de procesos asistenciais. Ten niveis de seguimento por riba do 20% e máis de 200.000 operacións, probas e consultas suspendidas en Galicia por unha folga contra o Goberno central.

Cal está sendo a súa reacción? Poñerse de perfil e pretender que todo é un problema das comunidades autónomas, que non lles concirne. E, polo tanto, non facer nada para solucionarlas. Quero deixalo claro: nós defendemos que se dote aos médicos, a nivel nacional, dun marco xurídico específico que recoñeza as singularidades da súa profesión. Pero non podemos facelo. E, polo tanto, reclamamos ao Goberno central que o faga canto antes e que sexa consciente de que se suspenden operacións en Galicia eles tamén están afectados.

Esta folga coincidiu no tempo con outras dúas na atención primaria: unha cun seguimento do 5% e que se desconvocou hai dúas semanas porque a Xunta negocia. Non serve de nada non querer dialogar, ser soberbio, dicir que non hai que falar como está facendo o Goberno central coa folga que ten convocada. E outra, que tivo un seguimento do 2%, que persiste, cun sindicato que polo xeral, hai que dicilo, non quere chegar a acordos.

Polo tanto eu reivindico o valor do diálogo. Reivindico que hai que falar para solucionar os problemas, cada un na súa posición. Pero non serve de nada a situación que estamos a ter agora mesmo e que nos está provocando graves prexuízos sen ter responsabilidades na orixe desa folga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Hai que seguir cumprindo cos pacientes, hai que seguir apostando pola mellora da calidade asistencial: por iso incrementamos nun 50% o orzamento da Sanidade pública e nun 28% o número de profesionais nestes últimos anos:

- Apostamos pola Sanidade preventiva, con cada vez máis cribados e co mellor calendario de vacinación do mundo;
- Investimos 210 millóns de euros en reformas e melloras dos hospitais galegos, moitas delas rematadas e outras en curso;
- Destinamos cerca de 50 millóns de euros a alta tecnoloxía sanitaria, e imos ser a primeira comunidade de España cun centro público de protonterapia;
- Abordamos a saúde mental con unidades especializadas en nenos e adolescentes e tamén con novos psicólogos en atención primaria. O compromiso era chegar ao final da lexislatura con 35 e a 50 ao final da década; 21 xa están incorporados e chegaremos ao final da lexislatura cumprindo, por suposto, os nosos compromisos;
- E tomamos unha medida pioneira para protexer a saúde dos nenos e adolescentes: a prohibición de vender bebidas enerxéticas ata os 18 anos.

Estas decisións, que ás veces parecen intrascendentes, teñen moitísima transcendencia e así se veu na repercusión. Fomos os primeiros e queremos seguir nunha posición punteira e facendo cada vez máis cirurxías, máis probas e máis consultas co especialista.

Os tempos de espera para ser operado ou para ver o médico especialista, en Galicia, son inferiores en máis dun mes á media nacional. Hai que melloralo? Si, por suposto, pero esta é a circunstancia obxectiva.

Hai marxe de mellora. Xa o dixen moitas veces e seguirei repetíndoo. Na Sanidade especialmente. Son o primeiro en recoñecelo.

Hai que seguir facendo reformas valentes, reformas importantes. A reforma dos Puntos de Atención Continuada que estamos a impulsar vai basearse en melloras retributivas, en ampliación de persoais. Neste mesmo semestre imos propoñer unha reforma integral da atención primaria que adecúe as súas estruturas ás circunstancias da Galicia actual.

Esta reforma ten dous obxectivos claros: liberar aos médicos de tarefas burocráticas – para que se poidan dedicar ao que realmente teñen que facer, que é atender aos pacientes– e acadar axendas que non superen os 30 pacientes en xornada ordinaria.

Que imos facer para implantar, para conseguir estes obxectivos? Son varias medidas, e quero avanzarlles tres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- A primeira: crear unha unidade especial que vai centralizar esa gran parte de papelame de traballo burocrático que non ten valor clínico e que sobrecarga aos profesionais.
- A segunda, aproveitando o impulso desta descarga burocrática, imos implantar un novo modelo de xestión das axendas, dinámico, flexible e adaptado a cada centro de saúde para que o médico poida dedicar máis tempo a cada paciente e que teña unha atención da máxima calidade.
- E terceira: para coordinar todo isto, para que sexa efectivo, eficaz e real, crearemos unha Dirección Xeral de Atención Primaria, que a día de hoxe non existe, dentro do Sergas, que velará por que se cumpran todas estas liñas mestras e realizará un seguimento constante de todas as reformas que imos implantar.

Señorías. Volvo insistir unha vez máis e non será a última, en que a Sanidade Pública necesita melloras, por iso as estamos implantando. En que non todo funciona ben, en ningún lugar. Pero tamén reivindico o excelente nivel da Sanidade Pública en Galicia.

Os cidadáns valoran a Sanidade galega por riba da media nacional. O 73% dos galegos **considera que a atención primaria é "boa ou moi boa"**, e o 82% outorga a mesma cualificación ás consultas con especialista que teñen na Sanidade pública. As calificacións tremendistas, inxustas, demagóxicas non axudan en nada. Hai que traballar sobre esta realidade. E sobre esta realidade e sobre a que a Xunta seguirá construíndo melloras na Sanidade pública.

E se a Sanidade é fundamental, a política social non é menos. A política social supón que cando unha persoa ten unha necesidade as Administracións, a xente que tes ao redor, che dea unha man, che dea apoio.

- Apoio se, por circunstancias da vida, deixaches de percibir os teus ingresos que eran estables, que che aseguraban as necesidades, e necesitas acceder a algún tipo de prestación que ofrece a Xunta de Galicia;
- Apoio para a plena integración das persoas con discapacidade, que teñen moitísimo que aportar.
- E apoio, por suposto, cando a idade vai facendo minguar as nosas capacidades e pasamos a depender doutras persoas e necesitamos axuda no día a día.

Señorías, os tempos para a valoración da dependencia e asignación dunha axuda e un servizo eran excesivos. E, por suposto, había que facer algo. O primeiro, recoñecelo, facer autocrítica. Non pasa nada, fixémoslo publicamente. E ao mesmo tempo que facíamos este recoñecemento, esta autocrítica, aplicamos un Plan de choque. Un Plan de choque que empezou a funcionar e que logrou, en tan só dos anos, incrementar nun 26% o número de persoas dependentes atendidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste mesmo ano, Galicia vai acadar a cifra simbólica dos 100.000 dependentes atendidos. Estamos entre as tres comunidades que teñen mellores resultados en dependencia. E queremos seguir.

E por iso sería dun gran apoio que o Goberno central cumprira simplemente coa súa obriga legal, que é achegar o 50% dos custos da dependencia. A Xunta está subindo cada ano a súa aportación, e o Goberno central o que está facendo, cunha recadación récord en impostos, e todo o contrario, baixala. Cada ano mingua. No ano 2025 non chegou nin a un de cada tres euros do financiamento total. Un 17% menos do que tiña que aportar por lei.

Seguiremos traballando, seguiremos reivindicando. Debería ser unha petición unánime de todos os grupos que simplemente se cumpra cunha lei estatal. Mentres tanto, non renunciamos a elevar a calidade e o alcance da política ao ofrecerlle a cada galego o servizo ou a prestación que máis encaixa coas súas necesidades, co seu carácter, coas súas circunstancias familiares ou coas súas preferencias. Hai que facelo así.

- Triplicamos a oferta de prazas en residencias de maiores sostidas con fondos públicos, incluídas –e volvo a facer un recoñecemento– as magníficas residencias que está poñendo a disposición dos galegos a Fundación Amancio Ortega;
- Multiplicamos por sete as prazas en centros de día;
- Xa hai 20.000 persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar e este ano acadamos cos concellos un importante acordo para blindar a súa sustentabilidade económica. En dúas lexislaturas, a achega da Xunta a este servizo municipal aumentou un 86%;
- E, desde o inicio da lexislatura, duplicouse ata as 40.000 o número de persoas que están atendidas na súa casa cun apoio económico da Xunta a través do Bono Coidado.

Anúnciolles que, no que queda de lexislatura, incluiremos a 10.000 galegos máis, para que reciban este Bono Coidado. Que cada vez ten máis aceptación e que cada vez se revela máis como unha axuda para os dependentes que optan por este modelo.

Para as persoas que necesitan unha atención especializada nunha residencia, neste primeiro semestre culminaremos a primeira fase do Plan de residencias e centros de día que vai supoñer abrir en Galicia 24 centros máis.

Inmediatamente despois, definiremos os emprazamentos para a segunda fase do Plan, comprometido tamén na miña investidura: para que existan outras 24 residencias de maiores en toda Galicia e que se licitarán no ano 2027.

Deste xeito, Galicia contará nesta lexislatura con 3.500 novas prazas de maiores impulsadas con fondos públicos operativas ou en camiño de ser unha realidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Señorías. Todo isto pode facerse sen aumentar impostos. Rebaixar impostos crea riqueza, xera dinamismo. As rebaixas fiscais aprobadas pola Xunta permitiron que os galegos aforrasen 1.100 millóns de euros no que levamos de lexislatura.

Avánzolles unha nova bonificación. A partir do ano que vén, Galicia bonificará o 100% do imposto de actos xurídicos documentados para as vivendas protexidas. É un tributo que paga o promotor en varias fases e o comprador no momento da adquisición da vivenda.

Ata agora, por exemplo unha vivenda protexida de 90-100 metros de superficie pagábanse ata 15.000 euros deste imposto. Agora, pasarán a pagar cero para favorecer a colaboración público-privada e para que se constrúa máis vivenda protexida.

Desde 2009, a Xunta baixou os impostos 138 veces. En menos de oito anos, o Goberno central subiunos en 96 ocasións. Este non é o camiño de Galicia. Se poden baixar impostos e se poden ter bos resultados orzamentarios; para iso fai falta tamén ter orzamentos.

Ademais, pechamos os dous exercicios orzamentarios últimos sen déficit. Somos a cuarta comunidade de réxime común con menos débeda.

Galicia executou o 99% dos dous Orzamentos desta lexislatura e somos a comunidade autónoma que máis inviste en obra pública.

E todo isto grazas a quen? A quen move o día a día da Administración, os empregados públicos. Que fan unha xestión responsable e gracias ao que demostran día tras día con ese enorme compromiso coa institución da que forman parte.

Por iso nas vindeiras semanas aprobarase unha nova Oferta de Emprego Público da Administración xeral que, un ano máis, vai esgotar a taxa de reposición e contará con máis de 800 prazas. Todos estes novos funcionarios, estou convencido, servirán a Galicia coa mesma dedicación que os que levan todos estes anos na Administración autonómica. Todos eles, os que se acaban de xubilar e os que están chegando, merecen o noso agradecemento. Tamén o noso respecto: ante as descualificacións e acusacións que reciben cando o seu criterio técnico non coincide con determinados intereses políticos dalgún, eu reivindico e afirmo que seguiremos protexéndoos, dignificándoos e poñéndoos en valor.

Señorías. Seguiremos prosperando con calidade, e para iso hai que seguir apostando polo I+D+i, polo I+G+i galego. Estamos investindo cada ano 1.000 millóns de euros en innovación e crecemos ao dobre de ritmo que a media de España. Isto é un pilar estrutural do noso crecemento. Non só público, senón tamén privado, das empresas.

O sistema galego de ciencia medra sobre unha base sólida, composta polo talento dos investigadores e dunha planificación estable e sostida no tempo que lles da seguridade e estabilidade. A Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Está apoiando unha trintena de investigadores de vangarda a través do programa Oportunus;
- Consequimos unha factoría europea de Intelixencia Artificial cun investimento total de máis de 80 millóns de euros, centrada no ámbito da saúde;
- Apostamos tamén pola tecnoloxía cuántica: coa liña de comunicación máis longa de España, un novo gran ordenador cuántico que estará funcionando neste mesmo ano e liderando un val europeo de innovación especializado nesta tecnoloxía.

O I+G+i con selo galego, non queda atrapado entre as catro paredes dun laboratorio, senón que procura que a transferencia do coñecemento, que é o que realmente aporta valor engadido e utilidade á investigación.

Este será tamén o obxectivo prioritario da nova Fundación Galtia, destinada á captación de talento científico de alto nivel. Xa está constituída e neste mesmo ano lanzará a primeira convocatoria para captar investigadores.

Señorías, quería falar tamén de turismo. En 2025, Galicia aproximouse aos 9 millóns de visitantes, unha cifra sen precedentes na nosa Historia, pulverizando cun crecemento do 7,3% os magníficos resultados do ano anterior. Pero o máis importante non é que só crecemos en número de visitantes.

Crece tamén en rendibilidade, en sustentabilidade —cos visitantes cada vez mellor repartidos ao longo do ano e ao longo da nosa xeografía— e tamén en convivencia. Non me cansarei de repetilo: quen veña a Galicia a coñecernos e o faga desde o respecto, será sempre benvido. E volvo a chamar a atención sobre tipos de mensaxes perigosos que pode que nalgún destino turístico estea a causar efectos prexudiciais. En Galicia todo o mundo é benvido, non nos molesta ninguén que veña a coñecernos con respecto.

Temos por diante un ano histórico, o ano 2027, unha enorme oportunidade. Ao longo desta lexislatura, investimos máis de 87 millóns na mellora das infraestruturas turísticas, especialmente ao longo do Camiño, e na seguridade viaria para os peregrinos. Acollemento, en xeral; é a nosa marca de identidade..

O Xacobeo será unha ocasión única para que todo o mundo mire a Galicia. Queremos que o Ano Santo non sexa un acontecemento illado, senón o mellor acelerador da transformación e mellora turística.

- Esa é a finalidade que busca o programa *O teu Xacobeo*, que leva mobilizados 15 millóns de euros en apoiar proxectos por toda Galicia desde o 2020;
- E tamén traballando para captar para o Xacobeo 2027 o dobre de fondos privados en patrocinio que no 2021/22.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

É posible, estamos facendo o traballo necesario, pero para isto é necesario que o Goberno central actúe. Estamos a nove meses. Estamos a recibir moitísimos proxectos que se interesan pola financiación que poden ter do Xacobeo. E polo tanto non ten ningún sentido que a día de hoxe sigamos sen ter xa acordados polo Goberno de España sobre os beneficios fiscais para as empresas que se comprometan co Xacobeo. Algo tantas veces prometido e non feito. Estou seguro de que isto non sucedería con algunha comunidade autónoma que todos temos na cabeza.

Ademais do Camiño de Santiago, agardo que teñamos moi boas novas no eido turístico e económico nas próximas datas. Galicia conta con outros tres bens declarados Patrimonio da Humanidade. Este pode ser o ano no que se lles una a Ribeira Sacra. Quero agradecer, con independencia dos resultados, aos profesionais que, desde ámbitos moi diversos, estiveron e están facendo o posible para que este soño se converta en realidade. Se o conseguimos, Galicia sairá gañando sen ningunha dúbida.

Señorías, o noso patrimonio natural, cultural e lingüístico non é só un tesouro que compartimos co mundo enteiro, senón que tamén debe funcionar como un elemento de cohesión para o noso pobo, non de división.

Esa é a meta do Pacto pola lingua. O galego é a chave que nos abre as portas da lusofonía e debe ser tamén un motivo de orgullo compartido. Neste mesmo semestre, despois dun traballo dialogado e de recibir moitas aportacións, presentaremos aos grupos parlamentarios a nosa proposta de Pacto pola Lingua. Baseada no consenso, baseada na interpretación do que creemos que é o sentir maioritario, e baseada na confianza de que o galego ten futuro.

Moito futuro, e ese futuro pasa por seguir incrementando a súa presenza no ámbito tecnolóxico, empresarial e entre os novos galegos, ademais de garantir a transmisión interxeracional. A lingua serve para entenderse e non debe utilizarse para dividir ou para crear ou avivar friccións. O galego é, e debe ser sempre, o idioma dun pobo aberto, ambicioso e integrador. O idioma dun pobo orgullosamente bilingüe.

E hai que seguir avanzando na consolidación das infraestruturas. Nas que dependen da Xunta, esas son a nosa primeira obriga, e nas que dependen do Goberno central. Na segunda metade da lexislatura avanzaremos nos traballos para unha terra mellor conectada.

- Conectada con mellores infraestruturas tecnolóxicas. Hai que garantir que as persoas que viven no rural teñan servizos tan indispensables a día de hoxe como é unha conexión axeitada a Internet. Por iso queremos ampliar a particulares as axudas que ata agora estaban reservadas para empresas que están en lugares con conexións mellorables; e solicitaremos autorización ao Goberno central e á Competencia para comezar a construír en 2027 novas torres de telefonía para ampliar a cobertura nas zonas de sombra que aínda quedan eido rural, continuando o labor que xa se fixo para que o 100% dos galegos, vivan onde vivan, teñan unha cobertura móbil digna dese nome.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Conectada con máis mobilidade sustentable, coas novas liñas directas e o autobús gratuito para as galegas e galegos de menos de 21 anos ou máis de 65, tarifas das que neste momento se benefician 270.000 persoas.
- Conectada tamén con mellores infraestruturas hidráulicas, para seguir avanzando en algo tan importante como unha xestión responsable da auga que, a pesar do que vimos nos últimos meses, non é nin moito menos un recurso infinito. En 2025 investimos 110 millóns de euros en saneamento e abastecemento e o 80% das masas de auga de competencia autonómica están en bo estado, 24 puntos por riba da media nacional;
- E conectada con mellores infraestruturas viarias. Neste ano comezarán obras tan importantes como a ampliación da autoestrada da Costa da Morte e o último tramo da autovía Lugo-Sarria e licitaremos a redacción do proxecto de variante de Viveiro. Tamén estará listo o tramo ata A Ramallosa da autovía Santiago – A Estrada. No ano que vén, estará rematado un novo tramo da autovía Tui-A Guarda e estará completa a autovía Brión-Noia. Ademais de seguir traballando no desdoblamento da autovía do Salnés.

Ao rematar todas estas obras –e tamén outras que estamos facendo de menor entidade– nove de cada dez galegos vivirán a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Hai cousas que dependen de nós, e polo tanto nós temos que facelas e responsabilizarnos da súa execución, e outras que non dependen de nós e tamén a nosa obriga e reclamalas. Estou falando das infraestruturas que o Goberno central segue tendo pendentes. Non son só estradas.

A poboación galega está moi preocupada polo deterioro progresivo na calidade do tren. Non imos resignarnos a dar por normais uns atrasos cada vez máis frecuentes nun servizo que antes funcionaba razoablemente. Ou a interrupción constante de determinadas rutas, suspensión de frecuencias... Renfe non pode ver Galicia como un lugar onde simplemente facer caixa. Na miña primeira reunión co Presidente Sánchez soliciteille a creación dun grupo de traballo coa Xunta para falar de todos estes temas, para estar informado. Díxome que si e nunca máis se soubo, e non será por no telo reclamado máis veces.

Ademais, a lista de obras pendentes do Goberno central non se reduce, senón todo o contrario: parece enquistarse. Autovía Santiago-Lugo, mellora das vías do tren cara a Ferrol, saída sur de Vigo cara a Portugal, completar a dobre vía na conexión con Madrid, claridade respecto da variante de Cerdedo ou a implantación dun servizo de Cercanías do que hai moita propaganda e ningunha concreción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Moitas desas actuacións deberían estar recollidas nun Plan do Corredor Atlántico que se nos prometeu tantas veces. Ata se nomeou un comisionado que non tivo tempo en catro anos para reunirse coa Xunta de Galicia, polo menos coa Xunta de Galicia, a pesar de estar solicitado varias veces. Por non falar do estado de conservación das vías de alta capacidade. A Xunta de Galicia aumenta ano a ano o seu orzamento para conservar as nosas vías. Non ten ningún sentido facer novas infraestruturas e esquecerse de que as que están feitas ten que estar en bo estado.

As estatais están en franco deterioro. Pode comprobalo calquera que teña que conducir por elas e isto non é de recibo. É certo que lendo sumarios xudiciais ou o Twitter dalgún ministro podemos entender a orde de prioridades no Ministerio de Transportes anterior e do de agora. É por iso é necesario e urxente un cambio de rumbo.

Hai que falar tamén da Autoestrada do Atlántico. Os beneficios da concesionaria están en máximos, os importes das peaxes tamén e a paciencia dos galegos xa chegou a mínimos. A Comisión Europea avanza nun expediente que o Goberno central nos segue ocultando, non sabemos por que. Queremos saber que se lle contestou á Unión Europea para dicir que non era posible o rescate. A nosa postura é clara: transparencia, liberación da concesión e transferencia. Nesa orde. E non hai ningunha razón para que a día de hoxe a situación siga como segue.

Señorías, todo isto hai que facelo desde a unidade. Estes obxectivos ten que ser acadados desde a unidade. Cando noutros lugares triunfa a división, aquí temos que redobrar a nosa aposta pola colaboración, pola coordinación.

Cada Administración debe centrarse nos ámbitos onde máis útil pode serlle aos cidadáns. A Xunta leva anos traballando nunha axenda para ampliar o autogoberno, que non consiste en transferencias ao por maior, senón en asumir aquilo que cremos que podemos facer mellor que o Goberno central. E se o Goberno central o pode facer mellor non hai ningunha razón para que non o siga facendo. Por iso reclamamos en moitas cousas que cumpra mellor coas súas obrigas. E as que cremos que podemos facelas mellor nós, as reclamamos para poder facelas directamente.

A mellor proba está, a pesar do que está pasando agora co regulamento de Costas, na xestión do litoral. Xestión que costou sangue, suor e lágrimas –o Tribunal Constitucional tivo que poñer as cousas no seu lugar– pero que un ano despois creo que amosa melloras palpables:

- Xa emitimos máis de 1.100 autorizacións, informes e concesións, cunha axilidade moi superior á da etapa anterior e en estreita coordinación coa cadea mar-industria.
- O Camiño do Litoral, que tanta expectación está levantando, permitirá ir desde Ribadeo ata Tui a pé, será unha realidade neste mesmo ano, e poñerá un pouco máis a Galicia no mapa das preferencias turísticas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- E o Catálogo de bens do litoral identifica máis de 2.000 bens de interese, para protexelos mellor e darlles unha nova vida. Hai cousas que non se poden tocar pero hai outras que si. Non había ningunha razón para dicir que todo era intocable e todo debía permanecer en estado de abandono. Hai que vivir na costa e da costa respectándoa, como se fixo sempre en Galicia, e non se pode ter posturas maximalistas que a nada levan.

En definitiva, señorías, autonomismo útil. Queremos amplialo coas novas competencias que estamos a negociar co Goberno central. Hai que dicir que avanza a bo ritmo a negociación para o traspaso das autorizacións iniciais de traballo, unha competencia fundamental para poder cubrir as vacantes urxentes en actividades económicas emerxentes en Galicia. Estamos xa intercambiándonos borradores de valoración de medios e agardamos que nada se torza e que antes de que remate o ano esta competencia poida estar traspasada a Galicia simplemente para poder facelo mellor de xeito máis fácil e de xeito máis eficaz cando máis falta fai.

Polo tanto, ao Goberno central pedímoslle lealdade e colaboración. A mesma que aplica a Xunta na súa relación cos concellos e deputacións. Estamos a tramitar unha nova Lei de Administración local, unha norma que era preciso modernizar despois de tantos anos para mellorar o financiamento municipal e a súa relación cos entes provinciais. En definitiva, para adaptar o noso tecido local ás circunstancias da Galicia actual.

A Xunta destina neste ano 670 millóns de euros directamente aos municipios, a cifra máis alta nos orzamentos na historia da comunidade autónoma. Hai que seguir mellorando, e por iso anúnciollles que imos lanzar tamén préstamos de axuda aos concellos de menos de 20.000 habitantes, para algo que neste momento lles resulta fundamental: que poidan acceder con máis facilidade aos programas europeos de desenvolvemento local, que precisan un cofinanciamento que algunhas arcas municipais non se poden permitir. Para que non renuncien a infraestruturas ambiciosas por falta de financiamento. Esta liña poñerémola en vigor de xeito inmediato.

E por suposto seguiremos cunha actitude belixerante mentres sexa necesario e mentres sigamos asistindo á desarticulación do Estados das Autonomías.

Os criterios de decisión do Goberno central non poden guiarse polos intereses de ningún partido: nin do que está no poder, nin moito menos de minorías cuxa ideoloxía se basea, precisamente, no rexeitamento á España equitativa e igualitaria que coñecemos. Abonda de negociacións debaixo da mesa. Están en xogo os servizos públicos, e o equilibrio territorial fundamental, homoxéneo, en toda España, e polo tanto tamén en Galicia. Nin máis nin menos.

Polo tanto a Xunta de Galicia seguirá loitando por un financiamento autonómico xusto, sustentable no tempo e que parta dunha base innegociable: que a igualdade de todos os españois, vivan onde vivan, teñen dereito a recibir uns servizos públicos homoxéneos e de calidade. Exactamente a mesma xustiza que esixiremos en Europa para o reparto dos fondos do vindeiro período operativo que non repita os erros centralizadores e divisivos que vimos en España coa xestión dos Next Generation.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O direi unha vez máis, señorías: Galicia nunca vai asumir reparticións que condenen á nosa terra á desigualdade crónica. Nos custou moitos anos e moito esforzo superala, e agora por caprichos persoais de ningún gobernante ou de ningunha minoría territorial, Galicia non pode seguir perdendo, e loitaremos para que non sexa así.

Como lles dicía, señorías, nun mundo tan polarizado, tan enfrontado por intereses de algúns, gaña quen permanece unido. Quen mantén a calma, a estabilidade e a normalidade institucional. Algúns chámanlle ser previsible, eu lle chamaría ser eficaz, ser normal, ser como e a xente.

Falei neste discurso de autogoberno, que para min é un concepto cun significado claro: que o noso pobo dispoña da capacidade precisa para adoptar as decisións que lexitimamente creamos que máis nos conveñan.

Ás galegas e galegos nunca nos veu nada regalado, todo o contrario. Nin a nivel individual nin a nivel colectivo. Tivemos que traballar moitísimo para conseguir o que temos. E polo tanto temos todo o dereito do mundo a esixir o que nos corresponde. Sen quitarlle nada a ninguén, pero sen deixar, por suposto, que ninguén nos quite nada a nós. Hai que seguir crescendo como nós sabemos facelo.

- Sabendo quen somos, de onde vimos e onde queremos chegar.
- E iso significar ter claras as prioridades. E ter claras as prioridades e ter administracións que funcionen, que non pelexen, que non perdan o tempo. Mellores salarios, mellores servizos públicos, máis oportunidades, futuro da nosa terra, estabilidade, calma, convivencia. Iso é o que pide a xente aos seus gobernantes.
- Hai que saber identificar os problemas e tamén ter a valentía de saber afrontalos e de saber resolvelos deixando a un lado os intereses políticos, os enfrontamentos e as demagoxias.
- Hai que ter autoestima e ambición: Galicia non ten máis teito que o que nós queiramos impoñernos. E temos que poñelo moi alto.

Comprométome a seguir traballando para estar á altura de Galicia, á altura da tarefa que me encomendou este Parlamento. Non acertaremos sempre, e o primeiro é recoñecelo para corrixir e intentar acertar na próxima oportunidade. Pero o que podo asegurar é que sempre traballaremos con honestidade, con humildade, con palabra e compromiso e tendo como única guía os intereses do pobo galego. Dos que nos votaron e dos que no.

Durante moito tempo Galicia Calidade foi unha marca que identificaba os nosos produtos, e estaba ben. Agora ten que ser moitísimo máis: ten que ser unha marca que identifique o noso estilo de vida e que defina como queremos que nos vexan desde fóra. Como queremos que vexan a Galicia, como queremos sentirnos orgullosos de ser galegos en todo o mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Queremos que en Galicia se viva cada vez mellor, iso é o obxectivo de calquera goberno. E para iso é imprescindible unha Educación que iguale oportunidades, unha Vivenda que sexa accesible, unha Sanidade e uns Servizos Sociais que atendan ás necesidades de quen máis o precisa por todo o territorio, unhas infraestruturas modernas, un sector primario forte e unha industria competitiva. Esas son as prioridades da xente, e polo tanto esas son as nosas obrigas.

Hai dous anos, Galicia escolleu por unha maioría absoluta unidade, estabilidade e responsabilidade. Galicia escolleu solucións e respostas. Escolleu mirar ao futuro con confianza. E tamén nos encomendou a responsabilidade de non defraudarlles.

E para iso, tanto eu como o meu Goberno vai seguir traballando porque queremos seguir traballando por que queremos pechar unha década que mereza ser resumida en dúas palabras que cada vez máis xente vai entender: Galicia Calidade.

Máis nada e moitas grazas.